- CA10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

U D 4:



- CA4.1. Identifícanse os principios da educación psicomotriz.
- CA4.2. Identifícanse as características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
- CA4.3. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
- CA4.4. Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
- CA4.5. Identifícanse os principios e os ámbitos de actuación da educación psicomotriz.
- CA4.6. Valorouse a importancia da psicomotricidade na educación infantil.
- CA6.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
- CA6.2. Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado para as características individuais e para a idade do neno ou da nena.
- CA6.3. Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
- CA6.4. Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.
- CA6.5. Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación da intervención.
- CA6.6. Identifícanse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
- CA6.7. Identifícanse as causas dunha intervención non adecuada.
- CA6.8. Adecuouse á pauta prevista a actuación e a actitude da persoa profesional.
- CA1.8 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- CA1.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- CA10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN que se van a ter en conta serán os seguintes:

Os criterios de avaliación incluídos nos propios resultados de aprendizaxe figuran en cada unidade didáctica, aspecto do que será informado ó alumnado ao comezo do curso, así como do contido desta programación e de todo o referente o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e que terá como referente obrigado os resultados de aprendizaxe do módulo, establecidos no Decreto do Currículo.

No módulo de Desenvolvemento Cognitivo e Motor levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno ou alumna que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe.

-Para os contidos conceptuais: realizarase a través de probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento; así como test, casos prácticos... nos que os/as alumnos/as reflectirán tanto os seus coñecementos de tipo teórico coma práctico. No caso de ter varias probas será a media aritmética das cualificacións obtidas a que nos dará a cualificación final. En todo caso a cualificación deberá ser igual ou superior a 5, excepcionalmente se terá en conta unha cualificación inferior a 5 (e nunca igual ou inferior a 3, o que suporía unha cualificación negativa nese trimestre), se a cualificación obtida nos contidos procedimentais e actitudinais é igual ou superior a 5 e se a media aritmética entre as cualificacións de conceptos procedemento e actitudes é igual ou superior a 5. Así, terase en conta a claridade e exactitude das respostas, capacidade de análise e síntese, emprego axeitado dos contidos, resolución de todos os apartados solicitados a nivel de expresión escrita (ou oral) e manexo de distinta documentación. Suporán un 60% da cualificación final. En caso de darse a circunstancia de non realizarse proba escrita e/ou oral algunha, este 60% da cualificación será tido en conta no apartado correspondente a procedementos.

-Para os contidos procedimentais: as actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo, de ser o caso; traballos individuais e de grupo nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedimentais recollidos nos criterios de avaliación do módulo.



Así, serán avaliados como segue: 1 punto a presentación, 1 punto entrega en prazo (sendo aceptada unha demora máxima de 2 días o que, supón, a non obtención do punto por entrega), 5 puntos o contido, 1,5 puntos a exposición (de non ter exposición esta puntuación formará parte do contido) e 1,5 puntos a busca e uso axeitado e pertinente de materiais, documentación e novas tecnoloxías.

Suporán un 30 % da cualificación do módulo; no caso de ter varias probas, farase a media aritmética das puntuacións obtidas; de non ter a unidade actividades destas características este 30% será tido en conta no apartado anterior (probas escritas e/ou orais). Aqueles traballos/actividades non entregados obterán unha cualificación de 0 puntos e fará media para a cualificación final.

Na entrega das actividades/traballos, polo tanto, terase en conta: coherencia dos elementos do traballo, comprensión dos contidos desenvolto, aplicación dos contidos teóricos, elaboración de todos os apartados solicitados, elección correcta dos materiais, viabilidade da proposta (de ser o caso), entrega no prazo acordado, orixinalidade e creatividade, calidade na presentación, nivel de exposición (de ser o caso) e bibliografía/webgrafía consultada.

En calquera dos casos queda a criterio do docente cualificar aos distintos membros do grupo cunha cualificación diferente se estima que a súa implicación e aproveitamento foi insuficiente; nalgún caso: ausencias continuas e sen xustificación, incumprimento das directrices aportadas polo docente, non participación de xeito inxustificado na defensa (de ser o caso), non participación na proposta final do traballo poderán supoñer unha cualificación diferente, coa posibilidade de cualificación negativa e/ou a entrega dunha actividade individual.

-Para os contidos actitudinais: formarán parte da cualificación actitudinal ademais a presentación e o interese/traballo en equipo, a puntualidade, á asistencia ás clases (tal e como establece a norma), unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 10% da cualificación final.

Para a valoración de actitudes terase en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

Empregarase para a súa avaliación a seguinte ficha de actitudes:

FICHA DE AVALIACIÓN DE ACTITUDES

ALUMNO/A: Puntuación:

Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.

1. Aproveita o tempo estipulado, na aula, para cada actividade.
2. Aporta propostas, suxestións e preguntas pertinentes no desenvolvemento do módulo.

Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.

3. Mostra respecto e coidado polo material de aula (funxible e inventariable).
4. Fai un uso axeitado e académico dos tempos destinados á utilización do computador (buscas, elaboracións de presentacións, traballos, consulta da aula virtual,...)

5. Uso axeitado do móbil na aula: só excepción por urxencia debidamente comunicada e permiso para uso académico (busca de documentación,... de ser o caso e de non contar con outra alternativa).

Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

6. Toma decisións e colabora coas outras persoas do equipo de traballo na realización das tarefas e actividades.
7. Presenta actitude positiva e construtiva ante a diversidade de grupos nos que poida traballar/colaborar (independentemente das súas preferencias persoais).
8. É respectuoso/a coas diferentes maneiras de pensar doutras persoas, mostrando un trato non discriminatorio con todos/as os seus



compañeiros/as, docentes, poñentes, PAS,...

Cualificación total:

OBSERVACIÓNS

Notas:

A puntuación total de actitudes é un 10; o que suporá un 10% da avaliación do módulo.

Cada ítem terá unha puntuación máxima de 1,25 sobre 10; sendo o sistema de cualificación:

Sempre 1,25

Habitualmente 0,8

As veces 0,4

Nunca 0

A asistencia e puntualidade será tida en conta tal e como establece o NOF.

SERÁ NECESARIO PARA SUPERAR O MÓDULO UNHA PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 5, TANTO NA PARTE CONCEPTUAL COMO NA PROCEDIMENTAL OU NA ACTITUDINAL.

Polo tanto, para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións aprobadas e a nota final acadada en cada avaliación calcularase sumando as notas resultantes da:

- avaliación de conceptos (60%).
- procedementos (30%).
- actitudes (10%).

Para aquel alumnado que teña avaliacións parciais pendentes na terceira avaliación, e antes de poñer a cualificación da mesma, realizarase unha proba teórico-práctica sobre aquelas partes non superadas, na que o alumno/a se deberá amosar ter adquiridos ditos contidos. No caso de non superar as avaliacións parciais, o alumno/a terá que examinarse da materia pendente na Convocatoria Ordinaria de Xuño.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD85AVA01 do procedemento de Avaliación PR85AVA)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Tal e como indica a lexislación vixente:

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A proba final extraordinaria para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua neste módulo consistirá en:
Realización dunha proba con dúas partes diferenciadas: teórica (preguntas a desenvolver) e práctica (realización de casos prácticos).

PRIMEIRA PARTE DA PROBA; PARTE TEÓRICA:

Proba consistente en preguntas a desenvolver; na proba aparecerá especificada a cualificación de cada unha das preguntas sendo a puntuación máxima un 10 e a mínima para aprobar un 5 expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

SEGUNDA PARTE DA PROBA, PARTE PRÁCTICA:

A proba consistirá varios supostos prácticos debidamente contextualizados, con preguntas a desenvolver.

Na proba aparecerá especificada a cualificación de cada unha das preguntas sendo a puntuación máxima un 10 e a mínima para aprobar un 5, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

A cualificación final da proba será a media entre a puntuación obtida na parte teórica e a parte práctica.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 na proba, non existindo a posibilidade de gardar algunha parte aprobada durante o curso, se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: "O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro" e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 "O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións". Ao mesmo tempo, e atendendo ao NOF aprobado no CIFP Compostela, terase en conta: "... establécese para todos os módulos un máximo dun 10% para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno/a para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico".

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Ao alumnado que alcance o 10% de faltas sen xustificar ou un 15% de faltas en relación co computo total de horas deste módulo, cursaráselle a perda o dereito á avaliación continua no mesmo.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o

seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

A nivel de seguimento de programacións, empregarase a aplicación informática de elaboración e seguimento de programacións, e á Xefatura de Departamento contará cunha copia para que conste nas actas correspondentes.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola Xefatura de Estudos ao final de curso: "Modelo: MD85PRO04" do procedemento de Programación PR85PRO

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28:

"Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente".

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

ENQUISA DE AVALIACIÓN INICIAL:

MÓDULO: DESENVOLVEMENTO COGNITIVO MOTOR

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN INICIAL

Nome e apelidos do/da alumno/a:

1.- Que expectativas profesionais e persoais ten vostede para cando remate a formación deste ciclo formativo?

2.- Que espera do módulo de DESENVOLVEMENTO COGNITIVO E MOTOR?

3.- Como cree vostede que contribúe a formación relativa o DESENVOLVEMENTO COGNITIVO E MOTOR cara o desempeño da actividade profesional asociada a este ciclo formativo?

4.- Que entende por sensación e percepción?



5.- Como cree que chegan as sensacións o noso cerebro?

6.- Que entende por hipoacusia?

7.- Describa, a nivel motriz, os pasos evolutivos que segue un/unha neno/a dende o nacemento ata manterse erguido.

8.- Sinale algunha das principais alteracións motrices que vostede coñeza.

9.- Que entende por pensamento creativo?

10.- Cando cree que se empeza a recordar? Cal cree que foi o seu primeiro recordo?

11.- Ten algunha experiencia con nenos/as con discapacidade sensorial, motora e/ou cognitiva?

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, ou que teñamos alumnado matriculado, tal e como establece a ORDE do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas no seu artigo 3.3: "Do total de prazas que se ofrecen, reservárase un 10 % para persoas que teñan legalmente recoñecida unha discapacidade maior ou igual a 33 %, respectando a distribución de prazas realizada a partir das porcentaxes fixadas para os grupos de



axudicación", o equipo docente poderá propoñer a través do Departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 "De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustificuen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico - práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita á ONCE
Charla FAXPG
Charla coloquio con antigos alumnos/as en activo.
Día da ciencia para a Educación Infantil, en colaboración co módulo de Expresión e Comunicación.
Actividade en colaboración coa Biblioteca: Compartindo lecturas e Xornadas de Literatura Infantil.
Colaboracións en distintas actividades promovidas polo centro e que complementen ao módulo enriquecendo o seu desenvolvemento.
Este módulo, así mesmo, contemplará todas as visitas e colaboracións que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo e que poidan ser interesantes para a formación dos nosos alumnos/as.

10. Outros apartados

10.1) Sesións teóricas

Estas sesións (que aparecen cunha duración final determinada nas distintas unidades) non sempre se darán de xeito continuado senón que serán intercaladas entre as distintas actividades e sempre se terá en conta as dúbidas, aportacións e comentarios do alumnado (susceptible de debate ou aclaracións).

10.2) Outras consideracións

É necesario precisar que ao tratarse dun módulo que conleva unha posta en práctica do currículo de xeito global, con avaliación continua e de gran importancia para o Ciclo Superior de Educación Infantil, moitas das súas actividades engloban distintos C.A. asociados a distintos R.A., isto fai que moitas das actividades, especialmente aquelas que precisan de planificación e deseño da práctica (casos prácticos, visionado de distinto material, confección de actividades educativas, programas,...) aparezan asociados a distintos instrumentos de avaliación (pola asociación que fai a plataforma: instrumento - criterio de aprendizaxe); pode comprobarse que, na maioría dos casos, se limita a dous instrumentos que se repiten, sendo na meirande parte das actividades un deles proba escrita.

10.3) Apreciacións metodolóxicas

Compre resaltar que nesta programación, e dadas as súas características, existe unha organización de actividades comúns:

- Elaboración dun esquema que mostre a evolución do neno/a no ámbito tratado en cada U.D.
- Recopilación de xogos e actividades para educar (ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor).
- Revisión de programas de educación axustados á temática tratada na correspondente U.D.
- Análise de instrumentos de observación e rexistro para aplicar, segundo a elección do/da alumno/a, en cada un dos ámbitos deste módulo.

Con elo preténdese que o alumnado, ao remate do módulo conte cunha información precisa e práctica que lle axude no desenvolvemento do seu posto de traballo como Técnico Superior en Educación Infantil.

Finalmente, é preciso subliñar que a realización dalgunha das actividades tipo propostas nas diferentes U.D.s poden, se as circunstancias así o aconsellan, non limitarse exclusivamente ao horario lectivo.

10.4) Aula virtual

Como espazo soporte utilizarase a Aula virtual; ferramenta que será usada como elemento de comunicación, onde se colgarán documentos xerais de importancia para o módulo de Desenvolvemento Cognitivo e Motor (Programación, ficha de avaliación de actitudes, normas de entrega de traballos, cómo citar bibliografía e webgrafía,...), así como para avisos de importancia.

O seu obxectivo fundamental, sen embargo, é a organización da distinta documentación das UD e a entrega de actividades; xerando, así, estudo-aprendizaxe en varios formatos, axudando a construír unha visión xeral e completa da materia e facilitando o manexo e revisión de toda a información incorporada na aula.

Será, polo tanto, utilizada como ferramenta didáctica na que será necesario cumprir coas normas establecidas polo docente en canto a: prazos, formatos de entrega de actividades, especificacións das tarefas, tipo de intercambio de información aceptada nos foros (só aceptada información

académica),...

10.5) Bibliografía e Webgrafía básica

Relación de bibliografía e webgrafía que se propón como axuda no desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe do módulo:

Desarrollo cognitivo y motor de Evaristo Pons e Dolors Roquet-Jalmar
Ed. Altamar

Todo un mundo de sensaciones de Elizabeth Fodor e outros
Ed. Pirámide

Todo un mundo por descubrir de Elizabeth Fodor e Montserrat Morán
Ed. Pirámide

Todo un mundo de sonrisas de Elizabeth Fodor e Montserrat Morán
Ed. Pirámide

Material sensorial (0-3) de Berta Vila e Cristina Cardo
Ed. Graó

Ciencia 0-3 de Silvia Vega
Ed. Graó

Ciencia 3-6 de Silvia Vega
Ed. Graó

Psicomotricidad y vida cotidiana (0-3) de Mercè Bonastre e Susanna Fusté
Ed. Graó

Páxinas web de interese:

- www.once.es

- www.faxpg.es

- www.downcompostela.org

- www.zurdoteca.cl

- www.waece.org/enciclopedia/index.php

10.6) Algunhas consideracións respecto do P.A.I.

Este módulo ten un peso significativo cando os alumnos se plantexen temáticas e ámbitos de intervención nos que se vexa afectado o ámbito do



desenvolvemento cognitivomotor na infancia.

Deberíanse desenvolver capacidades procedimentais, exercitándose na planificación de programas e actividades encamiñadas a potenciar o desenvolvemento sensorial, motor, cognitivo e psicomotor na infancia.

Abriralles un amplo abano de posibilidades para realizar o proxecto, dada a diferente tipoloxía de centros para atender as diferentes necesidades, así como, servirá como referente para apartados como Destinatarios (recoñecendo as características evolutivas do neno/a) e para a planificación de actividades (o desenvolvemento cognitivo e motor é imprescindible para unha boa planificación de actividades en función da idade do neno/as).

10.7) Criterio para establecer o número de Unidades Didácticas.

Este módulo contempla a intervención nos ámbitos sensorial, motor, cognitivo e psicomotor, polo que se destableceron 4 Unidades Didácticas, contemplándose en cada unha delas as correspondentes alteracións e trastornos relacionados con cada un dos ámbitos desenvolto, salvo na UD que conleva tanto "A psicomotricidade" como a "práctica psicomotriz".

Non se desglosaron en máis UD's dada a importancia de manter unha continuidade explicativa entre os diferentes ámbitos e as súas alteracións e trastornos correspondentes.